

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

5030 *Corrección de erros do Real decreto 2090/2008, do 22 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental.*

Advertidos erros na elaboración do Real Decreto 2090/2008, do 22 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento parcial da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 16, do 23 de decembro de 2008, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1785, segunda columna, antepenúltimo parágrafo, onde di: «... o regulamento conta cun total de 46 artigos, agrupados en tres capítulos, sete disposicións adicionais e dúas derradeiras, así como dous anexos...», deberá dicir: «... o regulamento conta cun total de 46 artigos, agrupados en tres capítulos, seis disposicións adicionais e dúas derradeiras, así como dous anexos...».

Na páxina 1786, segunda columna, a partir da terceira liña, onde di: «Así mesmo, inclúese un criterio subsidiario para determinar a significatividade dos danos ás augas e aos solos xa contaminados...», deberá dicir: «Así mesmo, inclúese un criterio subsidiario para determinar a significatividade dos danos ás augas, e aos solos xa contaminados...».

Na páxina 1788, primeira columna, último parágrafo, onde di: «Respecto á reserva técnica regúlase a súa constitución, a súa materialización en débeda pública para garantir a estabilidade do investimento...», deberá dicir: «Respecto á reserva técnica regúlase a súa constitución, a súa materialización en termos que garantan a estabilidade do investimento...».

Na páxina 1793, primeira columna, artigo 20.1, segundo parágrafo, suprímese a seguinte frase: «Se na dita reparación non se alcanzar o estado básico, deberá levarse a recuperación ata o dito estado».

Na páxina 1803, primeira columna, punto IV. último inciso do parágrafo primeiro do número 1, onde di: «... de acordo coa taxa prevista neste anexo», deberá dicir: «... de acordo coa taxa prevista no punto III.4 deste anexo».